



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso técnico sobre cambios e novidades legislativas en materia de avaliación ambiental. Normativa estatal e autonómica

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións - Convenios

ÁREA: Medio

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	CONVENIO	HORAS:	7
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN ES CI XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2014
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

A lexislación ambiental que regula a tramitación ambiental de proxectos, plans e programas sufriu cambios fundamentais no mes de decembro, coa publicación de dúas novas leis, de ámbito estatal e autonómico, que modifican tanto o contido da documentación de carácter ambiental coma a tramitación destes traballos ante as administracións públicas.

Así, a Lei 21/2013 unifica a Lei 9/2006, sobre avaliación dos efectos de determinados programas sobre o ambiente e o Real Decreto Lexislativo 1/2008 polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos. Deste xeito establece un esquema similar para a avaliación ambiental estratéxica (AAE) e para a avaliación de impacto ambiental (AIA) e unifica a terminoloxía empregada.

Por outra parte, a Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, derroga o capítulo correspondente á avaliación de incidencia ambiental da Lei 1/1995, de protección ambiental de Galicia, e os Decretos 442/1990, de avaliación de impacto ambiental para Galicia e 133/2008, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental. Ademais, esta lei suprime a necesidade da licenza municipal de actividade e establece un réxime de comunicación previa.

Estes cambios legislativos afectan a proxectos, plans, programas e a apertura ou modificación de actividades existentes. Ademais, a lexislación de ordenación do territorio e urbanismo tamén contempla a tramitación ambiental. Por este motivo, é preciso que os promotores, profesionais e técnicos municipais coñezan as novidades de man dos técnicos das administracións públicas responsables da súa tramitación.

O maior coñecemento destes cambios fará que o alumno que realice este curso poida colaborar co promotor na tramitación ambiental dos traballos.

DESTINATARIOS

- Técnicos que realicen proxectos ou participen na súa redacción, que queiran ampliar os seus coñecementos sobre a lexislación ambiental de aplicación en cada tipo de proxecto, e que queiran achegar un elemento de valor ao promotor, participando na tramitación da avaliación ambiental do traballo coñecendo os trámites administrativos que han de realizarse

- Responsables técnicos municipais, que queiran ver a aplicación práctica da lexislación recentemente aprobada

- Promotores interesados en emprender una actividade ou modificar a existente

- Estudantes universitarios que desexen completar a súa formación en temas ambientais

PROGRAMA

MAÑÁ

9:30 h - 10:00 h. Recepción e entrega de documentación

10:00 h - 10:30 h. Inauguración do curso

Justo de Benito Basanta, secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Xunta de Galicia

10:30 h - 11:45 h. Lei 21/2013 en materia de avaliación ambiental. Obxectivos. Principais cambios con respecto á Lei 9/2006 e ao Real Decreto Lexislativo 1/2008. Avaliación ordinaria e simplificada. Contido do Estudo de Impacto Ambiental. Bancos de Conservación.

Francisco Muñoz García, subdirector xeral de Avaliación Ambiental. Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente

11:45 h - 12:15 h Descanso

12:15 h a 14:00 h. Novidades en relación ao marco normativo aplicable á avaliación ambiental en Galicia. Aplicación aos plans, programas e proxectos tramitados en Galicia. Réxime Transitorio. Integración entre as diferentes figuras de avaliación de plans, programas, proxectos e autorización ambiental integrada.

Carlos Calzadilla Bouzón, subdirector xeral de Avaliación Ambiental. Xunta de Galicia

TARDE

16:00 h - 17:00 h. Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia. Obxectivos. José Alfonso Marnotes González, vicesecretario xeral da Consellería de Economía e Industria. Xunta de Galicia

17:00 h - 17:45 h. Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia. Avaliación da incidencia ambiental en actividades.

Manuel Díaz Cano, xefe do Servizo de Prevención e Xestión Ambiental. Xunta de Galicia

17:45 h - 18:00 h. Descanso

18:00 h - 19:00 h. Mesa redonda, coa participación do público e dos relatores

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Número de prazas limitado pola capacidade do local

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 13/03/2014 a 13/03/2014

NUM. PRAZAS: 80

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

SALON DE ACTOS: O día 13 de marzo de 09:00 a 14:00. O día 13 de marzo de 16:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

Aula número 5 da EGAP